



## **CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS DE GALICIA (CECOOP). MEMORIA DE ACTIVIDADES DO 2020:**

A presente memoria ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na cláusula quinta do Convenio de Colaboración asinado o 14 de maio de 2020 entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actividades do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) durante o ano 2020.

Respecto a estrutura do CECOOP continúa sendo un Centro de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela que ten a finalidade, entre outras, de promover e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión das materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, establecendo vínculos con outras organizacións e entidades que teñan fins e obxectivos converxentes cos do CECOOP de ámbito galego, nacional e internacional.

Consonte cos seus obxectivos, o CECOOP ten levado ao longo do ano 2020 un conxunto de actividades, esencialmente coincidentes coas especificadas no expoñendo terceiro do CONVENIO, que a efectos da súa sistematización agrúpanse tradicionalmente en tres bloques: actividades de carácter científico e de investigación, actividades de índole eminentemente docente, e actividades de colaboración e de relacións con outras entidades directamente implicadas co cooperativismo e coa economía social.

As actividades previstas na cláusula segunda do CONVENIO asinado, foron realizadas ao largo do curso académico. Dende un punto de vista práctico, intentouse que as actividades programadas se adaptaran o máxime posible as dispoñibilidades de espazos, orzamentos e finalidades do CECOOP.

Na cláusula segunda do referido CONVENIO indicase: “O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, cooperará coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto orientados á promoción e fomento da economía social en Galicia. En particular, levará a cabo durante o ano 2020 as seguintes actividades:

### **a) Promoción da investigación en materia de economía social**

1. *Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED ENUIES.*

2. *Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores.*
3. *Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados.*
4. *Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso.*
5. *Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia, co fin de actualizar a principal información recollida no Libro Branco da Economía Social de Galicia publicado no ano 2019*

#### **b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación**

6. *Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 24-28 de febreiro, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES*
7. *Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades.*
8. *Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.*

#### **c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa**

9. *Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima bimensual.*
10. *Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.*
11. *Elaboración dun borrador de nova Lei Galega de Cooperativas.*

#### **d) Dotación material**

12. *Adquisición de bibliografía especializada.*
13. *Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP.*

Así mesmo, determinábase na cláusula terceira que “A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a prestarlle ao CECOOP a colaboración necesaria para o desenvolvemento das actuacións”, e na cuarta que “A Consellería de Economía, Emprego e Industria contribuirá o

financiamento das actividades que realice o CECOOP durante o ano 2020, aínda que sexan anteriores á sinatura do convenio, coa cantidade de DEZAOITO MIL OITOCENTOS EUROS (18.800 €), con cargo á partida orzamentaria 09.40.324C.444.1 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2020.”

Estas actividades foron cumprimentados do xeito seguinte:

#### **a) Promoción da investigación en materia de economía social**

##### **1.- Participación activa en sesión de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED UNIES**

Asistencia ás reunións que foron convocadas para establecer as liñas de actuación do CIRIEC, en canto o CECOOP forma parte da Comisión Executiva e do Consello de Dirección de CIRIEC España. Este ano houbo reunións presenciais, e virtuais, durante o confinamento e posteriormente, dadas as restricións de mobilidade. Así mesmo, asistimos as reunións convocadas polo Observatorio Iberoamericano del Empleo.

Participación do CECOOP nas actividades de coordinación da RED ENUIES (“Red Española Interuniversitaria de Centros e Institutos de Investigación en Economía Social”) a través de colaboracións e de difusión de actividades, pois en canto membro fundador e directivo da mesma, trata de lograr a mellora da difusión da labor científica desenrolada polos institutos e centros de investigación en economía social, así como facilitar a intercooperación entre os mesmos, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías da información no marco dos programas xerais de promoción á investigación.

##### **2.- Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades relativas ás cooperativas ou, en xeral, á economía social**

A situación, anómala, deste ano fixo que as actividades presenciais foron moi reducidas, aínda que si estivemos no día do cooperativismo galego 2020, celebrado virtualmente o 4 de xullo de 2020.

Participación no Foro Talentia Summit 2020, organizado polo Concello de Santiago de Compostela do 23 ao 27 de novembro, con carácter virtual.

A nosa participación foi:

Elaboración dun vídeo de presentación do CECOOP:

<https://www.talantiasummit.com/feria/empresas/pabellon-c/centro-de-estudios-cooperativos-de-galicia-cecoop/>

Atención individualizada ás persoas que o solicitaron (en total 10 persoas)

[https://www.talantiasummit.com/gl/semana-talenticia-summit-2020/?utm\\_campaign=semana-talenticia&utm\\_medium=email&utm\\_source=email](https://www.talantiasummit.com/gl/semana-talenticia-summit-2020/?utm_campaign=semana-talenticia&utm_medium=email&utm_source=email)

Elaboración dun Webinar no que se define que é a Economía Social e se presentan un pouco máis polo miúdo as actividades que desenvolve o CECOOP:

<https://www.talantiasummit.com/webinars/>

### ***3.- Fomento da participación de investigadores de docencia e formación de investigadores.***

#### **3.1. Dirección de Traballos de Fin de Grao**

Neste apartado recolleamos a oferta de Traballos de Fin de Grao na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Facultade de Relacións Laborais, relacionados co estudo do cooperativismo e outras fórmulas de Economía Social:

“Evolución do Cooperativismo en Galicia”. Titoras: Emilia Vázquez Rozas e Maite Cancelo.

“Análise da economía social en Galicia”. Titoras: Emilia Vázquez Rozas e Maite Cancelo.

“Análise das cooperativas en Galicia. Perspectiva de xénero”. Titora: María Bastida.

“A lei de Economía Social en Galicia: retos e oportunidades”. Titora: María Bastida.

“A gobernanza nas sociedades cooperativas: singularidade e perspectiva de xénero”. Titora: María Bastida.

“Aira, S. Coop. Galega, un exemplo de fusión no cooperativismo galego!”. Titora: María Bastida.

“Aportación económica de Feiraco en la comarca”. Titor: Rafael Millán Calenti.

#### **3.2. Participación de investigadores do CECOOP en Congresos:**

Este ano, atípico, foron cancelados varios congresos internacionais especializados en Economía Social, así como, noutras áreas económicas e

xurídicas. Porén, participamos activamente no XVIII Congreso Internacional de Investigadores en Economía Social e Cooperativa, celebrado de forma presencial (en Mataró) e de forma on-line o 17 e 18 de setembro de 2020.

Neste congreso, o CECOOP foi un dos Centro e Institutos colaboradores na sección científica do mesmo e as investigadoras do CECOOP Maite Cancelo e María Bastida, formaron parte do Consello Científico do Congreso e moderaron o taller “Experiencias emergentes de Economía Social” (Anexos 5 e 6).

Ademais, presentáronse as seguintes comunicacións:

“Necesidad de un nuevo marco regulatorio de las cooperativas dentro de la economía social de Galicia”. Adrián Pazos Sierra y Cristina Pedrosa Leis (Anexo 1).

“Análisis comparativo entre el registro mercantil y el registro de cooperativas a los efectos de aportar propuestas para modernizar el registro de cooperativas”. José Antonio Montero Vilar y Patricia Santos Díaz (Anexo 2)

“El fomento de la Economía Social en Galicia desde una perspectiva multinivel”. María Bastida, Alberto Vaquero y Maite Cancelo (Anexo 3).

Tamén se participou no “Iberian Meeting of Research and Education for Entrepreneurship. New horizons of collaboration in entrepreneurship”, organizado por GEM-España, celebrado en Santiago de Compostela os días 24 e 25 de setembro de 2020, co traballo:

“El cooperativismo en Galicia como ejemplo de emprendimiento sostenible”. María Bastida, Alberto Vaquero, Helena Pinto y Ana Olveira.

### **3.3.- Publicación de monografías:**

Publicación do Informe sobre a Economía Social en Galicia 2019. Coordinado por Maite Cancelo e Manuel Botana (Anexo 4).

Publicación dun capítulo de libro: “Factores de atracción para el emprendimiento cooperativo femenino. Análisis del microemprendimiento en Galicia”, María Bastida, Ana Olveira y Maite Cancelo. En: Dicapua, M.A., Senent, M. J. y Fajardo, G. (2020): Economía Social y Solidaria y Género. *Aportes transdisciplinarios desde Europa y Latinoamérica*. Ed. Tirant Lo Blanch, pp. 49-78. Dispoñible na Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC.

### **3.4. Publicación de artigos científicos.**

María Bastida, Alberto Vaquero y Maite Cancelo (2020): “La afectación al territorio y el fomento del empleo de calidad a partir de la ley de economía social de Galicia”. REVESCO. Revista de Estudios Cooperativos, 134,1-20.

<https://dx.doi.org/10.5209/REVE.69174>

<https://revistas.ucm.es/index.php/REVE/article/view/69174>

María Bastida, Alberto Vaquero, Maite Cancelo y Ana Oliveira (2020): “Fostering the Sustainable Development Goals from an Ecosystem Conducive to the SE: The Galician´s case”. *Sustainability*, 12, 1-17. doi:10.3390/su12020500

[https://www.mdpi.com/journal/sustainability/special\\_issues/social\\_economy\\_sustainable\\_development\\_goals](https://www.mdpi.com/journal/sustainability/special_issues/social_economy_sustainable_development_goals)

María Bastida, Luisa Helena Pinto, Ana Oliveira y Maite Cancelo (2020): “Female Entrepreneurship: Can Cooperatives Contribute to Overcoming the Gender Gap? *Sustainability*, 12(6), 2478. doi:10.3390/su12062478

<https://www.mdpi.com/2071-1050/12/6/2478/htm>

Alberto Vaquero, María Bastida y Miguel A. Vázquez Taín (2020): “Tax measures promoting cooperatives: a fiscal driver in the context of the sustainable development agenda”. *European Research on Management and Business Economics*, 26(3), 127-133. <https://doi.org/10.1016/j.iedeen.2020.08.001>

<https://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S2444883420303016>

### **4.- Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso**

Os traballos publicados polos investigadores do CECOOP poden atoparse, sempre que estean dispoñibles, na web do Centro de estudos no apartado Publicacións.

### **5.- Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia, co fin de actualizar a principal información recollida no Libro Branco da Economía Social de Galicia publicado no ano 2019**

O Informe sobre a Economía Social en Galicia 2019 na data actual está en maquetación. O traballo actualiza a principal información recollida no Libro Branco da Economía Social de Galicia e se atopará proximamente dispoñible na web do CECOOP en formato pdf.

## **6.- Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 24-28 de febreiro, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES**

A “Red Española Interuniversitaria de Institutos y Centros de Investigación en Economía Social” (ENUIES) e CIRIEC-España acordaron que a última semana do mes de febreiro de cada ano dedicárase á celebración da “Semana Universitaria da Economía Social” .

Así, cada centro está a organizar un conxunto de as actividades, en función dos seus obxectivos, recursos e dispoñibilidade: Conferencias, charlas na aula, mesas redondas de entidades, cinema-fóruns, cafés-faladoiro, exposicións, presentacións de libros, presentacións de resultados de proxectos de investigación, feiras, talleres ou formacións específicas, entre outras.

Desde a rede trátase de xerar sinerxias para a comunicación e o impacto destas actividades, así como entre os centros e investigadores participantes, que estaremos a contribuír a unha acción colectiva que beneficiará ao conxunto da Economía Social e á imaxe que este sector ten no ámbito universitario e na sociedade.

O Centro de Estudos Cooperativos da USC, que forma parte da Red ENUIES, elaborou, coa colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria, co sector, coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e co profesorado, un conxunto de actividades a desenvolver englobadas en catro bloques.

### **1.- PRESENTACIÓN DAS ACTIVIDADES DA SEMANA UNIVERSITARIA DA ECONOMÍA SOCIAL**

Data: 19/02/2020 ás 12h na Aula B da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Interviñeron: Covadonga Toca (Secretaria Xeral de Emprego da Xunta de Galicia), Celso Gándara (presidente do Foro Galego pola Economía Social), representantes do Reitor e do Decano e a directora do CECOOP, Maite Cancelo.

### **2.- EXPOSICIÓN**

Exposición da cata de ideas na Economía Social. Proxecto Interreg-Laces

Data: do 26 ao 28 de febreiro no Hall da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC

Durante toda a semana houbo unha exposición con exemplos de empresas exitosas de diversos sectores e familias da ES en Galicia e no Norte de Portugal. Esta exposición é un dos resultados do Proxecto que se pode consultar en [www.laceseconomiasocial.com](http://www.laceseconomiasocial.com). A exposición realizouse grazas á colaboración

da Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. A participación de representantes de varias asociacións da ES que estiveron resolvendo dúbidas dos estudantes que pasaron polo estand resultou moi proveitosa como complemento das actividades realizadas na aula.

### **3. XORNADA:** Unha perspectiva ética da empresa: A Economía Social desde as dimensións financeira, de gobernanza e igualdade

Esta xornada consistiu na presentación dos resultados dos mellores proxectos realizados polo estudiantado das materias “Fundamentos de Dirección de Empresas” (1º ADE) e Dirección Financeira II (4º ADE), dirixidos polas profesoras María Bastida e Loreto Fernández. Estes traballos foron realizados dentro de distintas entidades da ES que participaron neste proxecto de Aprendizaxe-Servizo (APS).

DATA: 26/02 ás 12h no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC.

### **4. ACTIVIDADES NAS AULAS DE DIFERENTES MATERIAS:**

Desenvolvemento Económico, Estrutura Económica, Economía Política, Historia Económica, Habilidades Directivas, Contabilidade, Dereito e Econometría.

DATAS: do 26 ao 28 de febreiro

Trátase de dar a coñecer ao estudiantado da Facultade, as diferentes familias da Economía Social desde varias ópticas, en función do marco de cada materia. Os alumnos traballasen con datos, textos e modelos para visibilizar a Economía Social nuns títulos nos que non se conta con materias específicas sobre esta temática

#### **ACTIVIDADES:**

- 1) Definición das entidades de Economía Social e cuantificación en Galicia.

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Desenvolvo Económico e sustentabilidade de 4º do Grao de Economía coa profesora Rosa Regueiro.

- 2) Definición das entidades de Economía Social e cuantificación en Galicia. Políticas públicas

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Economía Política II: Facenda Pública de 1º do Grao de Dereito co profesor Adrián Dios.



- 3) Definición das entidades de Economía Social e cuantificación en Galicia.  
Políticas públicas

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Estutura Económica Mundial de 1º do Grao de Dereito co profesor Adrián Dios.

- 4) A Contabilidade nas entidades de Economía Social

Actividade que se desenvolverá dentro da materia de Introducción á Contabilidade de 1º do Grao de ADE co profesor Raul Canay

- 5) Historia do cooperativismo agrario galego

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Historia do Pensamento Económico de 4º do Grao de Economía co profesor Jaime Barreiro

- 6) Historia do cooperativismo agrario galego

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Historia Económica da España Contemporánea de 2º do Grao de Economía coa profesora Pilar Freire

- 7) Políticas públicas en Economía Social en Galicia

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Política Económica de 2º do Grao de ADE coa profesora Rosario Díaz. Esta actividade realizarase noutros grupos fóra da semana, ao coincidir as clases con entroidos

- 8) Realización dun modelo econométrico con datos de entidades de Economía Social

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Econometría II de 3º do Grao de Economía coa profesora Isabel Neira

- 9) Realización dun modelo econométrico con datos de entidades de Economía Social

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Econometría II de 3º do Grao de Economía coa profesora Pilar Expósito

- 10) Dereito cooperativo

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Dereito da Empresa en 1º do Grao de ADE co profesor Rafael Millán. Tamén se realizaron actividades, fóra desta semana, na materia que imparte o profesor José Antonio Montero

***c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa***

***9.- Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima mensual.***

- Sentencia del Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, S 26-02-2020, nº 126/2020, rec. 3282/2017:

El TS entiende que procede el derecho de reembolso de las aportaciones de capital a causa de la baja justificada de un socio de la cooperativa. En este sentido, se aborda la cuestión de la diferencia entre un reembolso de las aportaciones de capital social y el retorno cooperativo, conforme a lo dispuesto en la Ley de Cooperativas de Galicia (arts.64 y 67) y la Ley estatal de Cooperativas (arts. 51 y 58).

En este caso, el socio trabajador reclamó el reembolso por aportaciones al capital de la cooperativa, así como las cantidades por el retorno cooperativo. El TS afirma que el reembolso de las aportaciones al capital es un derecho que se deriva, ex lege, por la baja del socio y, por ello, procedente. Sin embargo, entiende que para que se conceda el retorno cooperativo tiene que haber un resultado económico positivo del ejercicio y además un acuerdo de la asamblea general (o precepto estatutario) que acuerde repartir entre los socios, en proporción a las operaciones, servicios o actividades realizadas por cada socio, pues ese acuerdo es el que transforma el derecho social en abstracto del socio al retorno en un concreto derecho de crédito determinado, líquido y exigible a su favor. No habiendo sido acreditado el acuerdo de la asamblea de la cooperativa en relación con el retorno cooperativo (sí sobre anticipos laborales, concepto asimilado a salarios y distinto del retorno), no considera que proceda.

- Sentencia de la Audiencia Provincial de Toledo (sec. 1ª), nº232/2020 de 14 de febrero (rec. 18/2018):

La AP declara la nulidad de acuerdos adoptados (calificación de baja voluntaria como injustificada, la deducción del 25% del reembolso de las aportaciones de los socios al capital social e indemnización de daños y perjuicios por incumplimiento de la obligación de preaviso para la baja) por el COMITÉ DE RECURSOS al no considerar este válidamente constituido en la fecha de adopción de los acuerdos. Esto se debe a que el artículo 44 de la Ley 27/1999, de 16 de julio, de Cooperativas, exige para la válida constitución del Comité de Recursos que se modifiquen los estatutos sociales para incluir al órgano y que se inscriba dicha modificación en el Registro de Sociedades Cooperativas (artículo 11 de la Ley y art.9.1 del Reglamento de Sociedades Cooperativas). Y ello, aunque la creación del Comité de Recursos conste mediante acuerdo de Asamblea General y aunque los acuerdos fueran adoptados por el Comité Rector, por no precisar la indemnización correspondiente y por remitir el recurso de los acuerdos al Comité de Recursos, que no se encontraba válidamente constituido.

- Sentencia de la Audiencia Provincial de Cádiz (sec. 5ª) nº241/2020, de 9 de marzo (rec. 113/2017):

La Audiencia declara que es obligación de la Cooperativa de realizar el reembolso de las aportaciones al capital social de la cooperativa cuando un socio causa baja de dicha sociedad conforme a los artículos 42 y 84 LSCA. No habiendo controversia respecto al derecho a dicho reembolso cooperativo ni que el socio reúne los requisitos para el reintegro, es la cooperativa quien debe concretar los cálculos del mismo debido a la mayor facilidad probatoria e intervención del Consejo Rector, aunque el socio presente una reclamación con cantidad cuantificada y concreta del derecho de reembolso.

- Sentencia de la AP de Madrid (sec. 28ª) S 14-07-2020, nº 360/2020, rec. 91/2019:

La AP determina el alcance de la responsabilidad de los administradores de la cooperativa de vivienda conforme a la Ley 4/1999, de 30 de marzo, de cooperativas de la Comunidad de Madrid, entendiéndose que a efectos de responsabilidad no basta con el hecho de que a los administradores les resulte imputable una conducta sino que es necesario que exista relación entre esa conducta y el impago de la deuda que tenía la cooperativa, pues los administradores no son garantes de las obligaciones sociales.

- Sentencia del TSJ de Murcia (Social, sec. 1ª), nº323/2020, de 4 de marzo (rec.180/2019):

El TSJ resuelve sobre un caso en que un socio trabajador es despedido de manera improcedente (es expulsado de la cooperativa), siendo la cuestión sobre si la expulsión genera la situación legal de desempleo desde que cese en el trabajo y así es considerado despedido improcedentemente con opción a la indemnización, o si conforme al art. 71.5 de la Ley de Cooperativas de la Región de Murcia, el socio trabajador sigue siendo socio hasta la devolución de su participación. Resuelve el TSJ entendiéndose que la extinción de la relación laboral se produce cuando se expulsa al socio, por lo que cuando finaliza la prestación de servicios nace el derecho a la prestación por desempleo, y cuestión distinta es el abono o reintegro de su participación social.

**10. *Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.***

*As novidades legislativas que se produciron no ano 2020 son as seguintes:*

*Reforma da Lei de Cooperativas de Murcia. O Decreto-lei 6/2020, de 11 de xuño modificou a Lei 8/2006, de 16 de novembro, de Sociedades Cooperativas da Rexión de Murcia, concretamente a disposición transitoria cuarta, permitindo, ate o 31 de decembro de 2020 e como consecuencia da pandemia, a utilización do Fondo de Formación e Promoción como recurso financeiro ou para outra actividade relacionada con axudar a parar as consecuencias da COVID-19.*

*Reforma da Lei de Cooperativas de Andalucía. O Decreto-lei 18/2020, de 30 de xuño, polo que, con carácter extraordinario e urxente, establécense diversas medidas ante a situación xerada polo coronavirus (COVID-19) modificou a Lei 14/2011, de Sociedades Cooperativas Andaluzas, e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 123/2014, de 2 de setembro, concretamente para matizar e ampliar o disposto no artigo 40 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico y social del COVID-19. Inclúese maiores posibilidades para a celebración telemática das Asembleas.*

*Decreto-lei 8/2020, de 26 de xuño, de medidas excepcionais para facilitar a convocatoria e reunión dos órganos sociais e a eficacia dos acordos das entidades cooperativas valencianas. Este decreto inclúe disposicións en relación a aprobación de contas, celebración de asembleas e consellos reitores e causas de disolución, para o ano 2020, como consecuencia da pandemia.*

*Decreto-lei 8/2020, de 24 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes extraordinarias para o mantemento e recuperación do emprego fronte a crise ocasionada polo COVID-19. A súa disposición adicional décima incorpora unha modificación da disposición transitoria segunda da Lei 9/2018, de 30 de outubro, de Sociedades Cooperativas de Extremadura, destinada a ampliar o prazo de adaptación dos estatutos das cooperativas de dita lei no prazo de catro anos dende a súa entrada en vigor, polo que introduce unha moratoria a dito prazo, que inicialmente finalizaba o 2 de xaneiro de 2021.*

*Decreto-lei 4/2020, de 24 de xuño, do Goberno de Aragón, polo que se adoptan medidas urxentes e extraordinarias para o impulso da Estratexia Aragonesa para a Recuperación Social e Económica. Prevé no seu artigo 33 que, durante a vixencia do estado de alarma e ata o 31 de decembro de 2020, o Fondo de Educación e Promoción Cooperativo poderá ser destinado total ou parcialmente como recurso financeiro ou a calquera outra actividade que redunde en frear a crise sanitaria da COVID-19.*

*Decreto-lei 4/2020, de 18 de xuño, de impulso e simplificación da actividade administrativa para o fomento da reactivación produtiva en Castela e León. Contempla na disposición transitoria cuarta que, de forma excepcional e ata o 31 de decembro de 2020, as sociedades cooperativas en que a Asemblea Xeral de Delegados substitúa á Asemblea Xeral da cooperativa, conforme ao artigo 53 da Lei 2/2020, de 11 de abril, os nomeamentos dos delegados que esgoten o seu mandato a partir da data de declaración do estado de alarma e dentro do exercicio 2020, entenderanse prorrogados ata decembro de 2020.*

*Ademais, o Regulamento (UE) 2020/699, do Consello de 25 de maio de 2020 de medidas temporais relativas á xunta xeral das sociedades europeas e sociedades cooperativas europeas, establece que, no caso de que se deba celebrar unha asemblea xeral en 2020, poderá celebrarse nun prazo de 12 meses a partir do cerre do exercicio, sempre que se celebre, a máis tardar, o 31 de decembro de 2020.*

*Por último, debido a situación de pandemia derivada da crise da COVID-19, o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, no seu artigo 40.1, dispón que, aínda que os estatutos non o prevexan, durante o período de alarma e, unha vez finalizado o mesmo, ata o 31 de decembro de 2020, a reunión do consello rector da cooperativa e as asembleas de socios poderán celebrarse por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todos os membros do órgano dispoñan dos medios necesarios, o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese no acta, que remitirá de inmediato as direccións de correo electrónico de cada un dos concorrentes.*

*Así mesmo, o artigo 40.1 do citado Real Decreto-lei dispón que, aínda que os estatutos non o prevexan, durante o período de alarma e, unha vez finalizado o mesmo, ata o 31 de decembro de 2020, os acordos do consello rector poderán adoptarse mediante votación por escrito e sen sesión sempre que o decida o presidente e deberán adoptarse así cando o solicite, ao menos, dous dos membros do órgano. As sesións entenderanse celebradas no domicilio social da cooperativa.*

### **11.- Elaboración dun borrador de nova Lei Galega de Cooperativas**

No “Informe sobre a Economía Social de Galicia 2019” no primeiro capítulo recóllense algúns apuntes sobre as principais cuestións a abordar nunha nova lei galega de cooperativas. Este tema tratouse, tamén, no traballo presentado no congreso celebrado en Mataró, e que se adxunta, como Anexo 1.

#### **d) Dotación material**

## *12.- Adquisición de bibliografía especializada.*

Este ano dotouse para a Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, das seguintes publicacións, para o uso tanto dos investigadores galegos como dos estudantes da USC:

- “CIRIEC-España, Revista de Economía Social y Cooperativa”
- “CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Pública, Social y Cooperativa”
- Revista “Estudios de Economía Aplicada” da asociación científica ASEPELT
- Economía Social y Solidaria y Género. Dirigido por M. Ángeles Dicapua, M. José Senent y Gemma Fajardo. Ed. Tirant lo Blanch.
- Manual de Economía Social. Dirigido por Rafael Chaves, Gemma Fajardo y José Luís Monzón. Ed. Tirant lo Blanch.

## *13. Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP*

Neste apartado figura o abono do webmaster - a USC non se fai cargo da páxina web do CECOOP, aínda que se sitúe enlazada na páxina web oficial da Universidade -, e de mantemento e consumibles dos ordenadores, impresoras e cables de conexión para compatibilizar os ordenadores coas instalacións da facultade de CCEE e de Dereito. Inclúense tamén os gastos de actualización de software e mantemento de equipos utilizados polos investigadores do CECOOP.

A páxina web recolle as publicacións do CECOOP, así como os relatorios de interese elaborados por investigadores do CECOOP ou por participantes en mesas, seminarios ou xornadas celebradas con arranxo aos convenios de colaboración.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020